



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Seo de Corcubión. Municipio: Cee. Parroquias: Santiago da Ameixenda. Extensión: 1,05km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Área montañosa de natureza granítica que cae en vertentes acantiladas ao mar. Como accidentes xeomorfolóxicos máis sobresalientes destaca o antigo macizo hercínico do sur da unidade: Monte de Caneliñas, que chega ao mar formando saíntes rochosos a modo de agullas; e o val fluvial que separa a este macizo dos relevos do norte, sucado de leste a oeste por un arroio que desemboca entre a Punta do Cabezo e Os Agullóns de Sagrelos.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade con tres especies rochosas principais: granitoides migmáticos hercínicos, con facies graníticas homoxéneas na parte máis costeira e facies normais nas partes altas, no sector noroeste e na esquina noreste; unha banda ancha de ortogneis biotítico que atravesa a unidade de NNO a SSE a media ladeira da elevación de Pedra Xesteira; e unha granodiorita biotítica do Tardihercínico (Tipo Pando e facies de Monte Pindo) na metade meridional da unidade, ao sur da valga central. A ambos lados da banda de ortogneis aparecen enclaves de xistos con algúns niveis de cuarcitas do Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo Laxe, de Idade precámbrico-silúrica.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Húmido no que a temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. No tocante ás precipitacións hai que falar de máximos acumulados de 1400mm ao ano na maior parte da unidade xa que na súa cabeceira poden ser superiores acadando ata 1600mm.

OS SOLOS

Na metade sur da unidade dominan os leptosóis líticos e regosóis, chans esqueléticos, pobres e con abundancia de afloramentos rochosos en superficie, fundamentalmente no Monte de Caneliñas. O resto da unidade presenta na súa maior parte cambisóis eútricos aínda que puntualmente aparezan enclaves de solos menos desenvolvidos en relación cos condicionantes topográficos.


AS AUGAS

O arroio principal da rede de drenaxe desta unidade atópase ao norte do Monte de Caneliñas, desembocando na praia Areosa. A auga de escorrentía do resto das súas ladeiras verten directamente ás Augas Costeiras da Punta da Galera (20144).

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade de cantís baixos pero vertente potente. A fronte presenta dous tipos de hábitat: o 1230, de cantís mariños atlánticos; e o 1210, de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, debido á existencia de praias de cantos e bloques que descansan sobre unha plataforma máis ou menos continua. Nas ladeiras, aínda que bastante degradado, aparece o mato costeiro, que potencialmente debe achegar os hábitats 4030, Breixos secos europeos; e 4040, Breixos secos costeiros atlánticos de Erica vagans. A medida que ascendemos pola ladeira o segundo se fai dominante. Nas partes altas aparecen algúns afloramentos graníticos que achegan ambientes do grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

No conxunto formado polas unidades Monte de Caneliñas e Baleira de Caneliñas apenas se aprecia actividade antrópica debido ao seu relevo rochoso e accidentado. A matogueira costeira e algún rodal de repoboación ao norte son basicamente o soporte da matriz biofísica. Os únicos usos relacionados coa actividade humana son un cemiterio e unha área recreativa.

MORFOLOXÍA

Non existe ningún núcleo de poboación, tan só se aprecian algunhas construcións dispersas polo territorio. Na unidade que nos ocupa, a única construción é a do Cemiterio pertencente ao núcleo da Igrexa, o cal está situado na ladeira oeste do Monte da Igrexa, por onde pasa a estrada AC-550.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

No conxunto das dúas unidades, existe unha estrada principal que é a AC-550. Desde esta vía artículase o resto da rede viaria que dá acceso á liña de costa. Na unidade do Monte Caneliñas, a estrada AC-550 discorre pola ladeira do Monte da Igrexa con dirección nordés-este. Desde esta, parte un camiño secundario que dá acceso á costa e ás parcelas repoboadas.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O único elemento existente nesta unidade é un cruceiro en Ameixenda.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O conxunto formado polas unidades Monte de Caneliñas e Baleeira Caneliñas, destaca polo seu carácter natural, onde a paisaxe sufriu moi poucas intervencións humanas, conxugando un relevo abrupto de cantís rochosos con ladeiras máis tendidas e cubertas de vexetación autóctona costeira. Na unidade de Monte de Caneliñas destaca o contraste entre a ladeira norte do Alto da Peneda, totalmente despoboada de vexetación e a ladeira oposta cuberta de matogueira costeira e masas de frondosas de repoboación. A fachada costeira está composta por cantís baixos con algunha praia de coidos.

DINÁMICA DA PAISAXE

En xeral para o conxunto das dúas unidades non se observan cambios significativos na paisaxe, posto que as actividades antrópicas no ámbito foron moi reducidas, os maiores cambios sufridos son debidos ás infraestruturas de comunicación. Na unidade de Monte Caneliñas o máis destacado é a ampliación da estrada C-550, que cambiou o seu trazado nalgúns tramos achegándose máis á costa.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe composta polas unidades de Monte Caneliñas e Bateira de Caneliñas, supón un fito paisaxístico dentro do municipio de Cee. Ao seu característico relevo rochoso, combinado cunha costa balizada de entrantes e saíntes e praias de coidos, únese o feito de que a actividade antrópica foi limitada, o que lle permitiu conservar en gran medida as súas características naturais. As mellores panorámicas do conxunto, pódense obter desde o Alto da Peneda, límite físico entre estas dúas unidades. A paisaxe da vertente oeste do Alto da Peneda, é o máis característico desta unidade. Trátase dunha vertente rochosa sen apenas vexetación que, grazas a facilitar un contacto directo co mar, transmite unha sensación de liberdade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS
















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos











Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



